

**COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN
PROVINCIAL**

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de abril de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D.^a Montserrat Lama Novoa D.^a Consuelo Vispo Seara D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D.^a María Teresa Cerdeira Valiñas D.^a Isabel Gil Álvarez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Adolfo González Nóvoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTORA: D.^a Mónica Legaspi Díaz	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 18 de abril de 2018, ás 17.06 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
--	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 14 DE MARZO DE 2018.- En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de marzo de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á REPROBACIÓN DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, dá lectura ao último parágrafo da exposición de motivos da moción e á proposta de acordo.

Non se producen intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1), o voto en contra do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1).

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, formula un rogo para que á maior brevidade posible se responda ás preguntas formuladas polo seu grupo en Pleno e en comisións, porque ao día de hoxe están pendentes de ser contestadas.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, di que hai 15 días se anunciou en prensa a incorporación ao cadro de persoal da Deputación dunha enxeñeira, ás que se nomeou directora xeral de Infraestruturas, e pide que se expliquen as razóns dese nomeamento.

O **presidente da comisión** di que a persoa en cuestión ingresou na Deputación a través dun proceso selectivo derivado da oferta de emprego público, e que, tras o seu ingreso, e dado que a dirección da Área de Infraestruturas estaba libre tras a xubilación do seu anterior titular, designouse para ese posto vacante.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, quere efectuar unha queixa e que se reflecta en acta, sobre cal é a forma de funcionamento desta casa a nivel institucional cos alcaldes que non son do Partido Popular. Di que como é sabido existe un problema co campo de fútbol de herba artificial de Ribadavia e que consta un informe da Secretaría ao respecto, no que se di que a solución a esa problemática deber ser asumida pola Confederación, o Concello de Ribadavia e a propia Deputación, definindo a proporción na que cada unha das administracións debe contribuír. Nese informe dicíase que ante a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada no seu día polo

Concello, a maior parte desa responsabilidade lle correspondía á Deputación, nunha contía máis elevada que ao propio Concello. Di que o seu Concello tratou sempre este tema con responsabilidade e sen armar escándalos nos medios e subliña a este respecto a correcta relación mantida co asesor de política deportiva do presidente. No expediente de modificación de créditos que se vai tratar na seguinte comisión informativa prevese unha achega pro parte da Deputación de máis de douscentos mil euros, cousa que lle parece ben, e advirte que aínda non existe un proxecto que defina as actuacións para realizar. Di que o Concello de Ribadavia ten orzada unha cantidade de cen mil euros, e non lle parece de recibo que antes de que se teña o proxecto o portavoz do Partido Popular de Ribadavia saia dicir que grazas, señor presidente, por esta axuda para o campo de fútbol. Parécelle unha falta de respecto por parte do presidente da Deputación. Di que se queren vender o produto, haberá que facelo cando sexa o momento, unha vez que estea aprobado o proxecto e definida a actuación e entón poderá facer o presidente unha rolda de prensa e incluso, se quere, ir a inaugurar o campo el só. Di que non son formas de actuar, á parte de que se podería entrar en cuestións outro tipo, á parte de que se queira trasladar a idea de que agora todo é decisión do concello, que deberá obter os permisos necesarios, cando iso é imposible ao non dispoñerse aínda de proxecto. Di que el esas cousas non as fai como alcalde e que se lles está a crear un problema a todos pola culpa da actitude do presidente e do seu portavoz no Concello de Ribadavia.

E, ás 18.18 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.